

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

RESOLUCIÓN do 24 de setembro de 2024 pola que se convoca un posto de persoal directivo

En virtude do Decreto 79/2001, do 6 de abril polo que se aproba o Regulamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, esta Dirección

RESOLVE:

Primeiro: Anunciar a convocatoria para a cobertura do posto que se indica no anexo I desta resolución

Segundo: aprobar as bases polas que se rexerá o proceso de selección que se inclúe no anexo II .

Para participar nesta convocatoria os /as candidatos/as empregarán o modelo de solicitude que se inclúe no anexo III.

Terceiro: a proposta de convocatoria publicarase na paxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (<https://agader.xunta.gal/>). As distintas resolucións que se diten ao longo do proceso de selección será publicadas tamén na páxina web, no apartado de "novas".

Cuarto: Contra a presente resolución poderase interpor recurso de alzada, ante o presidente da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 121 e seguintes da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Mª Paz Rodríguez Rivera

Directora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural



ANEXO I

Código: AGDR 03 00 00

Denominación do posto: Subdirector/a de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural

Dependencia: Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Localidade: Santiago de Compostela.

Forma de provisión: persoal directivo (artigo 79 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico).

Directivo do grupo III, nivel 2.

Tipo de persoal: alta dirección/funcionario (subgrupo A1)

ANEXO II

Bases reguladoras da convocatoria da selección para o posto de subdirector/a de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural.

Primeira. Obxecto da convocatoria.

A presente convocatoria ten por obxecto a cobertura do posto de subdirector/a de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural.

Segunda. Vínculo xurídico

1. O vínculo xurídico coa persoa seleccionada formalizarase mediante un contrato laboral de alta dirección ao amparo do previsto no Real

decreto 1382/1985, de 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección, no artigo 17 do Decreto 119/2012, de 3 de maio, polo que se regulan as percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico e a Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, excepto no suposto de que a persoa seleccionada sexa funcionaria de carreira pertencente ao grupo A, subgrupo A1.

2. A dirección estará suxeita ao réxime de incompatibilidades recollido na Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Terceira. Funcións do posto convocado.

Correspóndelle a esta subdirección o seguimento e control das accións desenvolvidas a través dos grupos de desenvolvemento rural, así como o apoio e asesoramento de todo tipo que estes necesiten para o seu funcionamento. Así mesmo, encargárase das relacións con outros departamentos e institucións no que afecte ao funcionamento, o seguimento e control de ditas accións; en particular, lle corresponde:

- a. A xestión financeira, económica e administrativa dos programas de desenvolvemento rural desenvolvidos a través dos grupos de desenvolvemento rural.
- b. O deseño, planificación e desenvolvemento do programa de visitas aos grupos de desenvolvemento rural, tanto relacionadas co seguimento e control como co apoio aos grupos.
- c. O deseño das aplicacións informáticas de seguimento das accións incluídas nos programas de desenvolvemento rural desenvolvidas polos grupos de desenvolvemento rural, referentes aos datos, indicadores e información económica e administrativa.



- d. A elaboración dos expedientes de gasto para que esta subdirección propoña á Dirección os pagamentos que correspondan para o financiamento das accións desenvolvidas a través dos grupos de desenvolvemento rural.
- e. Recompilar todo tipo de información para elaborar informes de xestión e impacto dos programas de desenvolvemento rural que se realicen a través dos grupos de desenvolvemento rural.
- f. Elaborar os informes e a documentación de seguimento, control e financiamento das accións executadas a través dos grupos de desenvolvemento rural, que sexan requiridos dentro do marco de colaboración con outras institucións ou a instancias da Dirección da axencia.
- g. Dinamizar aos grupos de desenvolvemento rural e outras instancias que desenvolvan programas de desenvolvemento rural.
- h. Elaborar as directrices dirixidas aos grupos de desenvolvemento rural que faciliten o seguimento e o control do cumprimento dos requisitos legais, financeiros e económicos das accións incluídas nos programas de desenvolvemento rural executados por estes.
- i. Fomentar calquera iniciativa de cooperación entre os grupos de desenvolvemento rural e os departamentos da Xunta de Galicia ou outras administracións ou institucións en materias que afecten ao desenvolvemento rural.
- j. Propoñer a redacción dos convenios, acordos ou protocolos de colaboración que sexa necesario subscribir con outros departamentos da Xunta de Galicia para garantir o seguimento e control das accións desenvolvidas polos grupos de desenvolvemento rural.
- k. Elaborar os informes técnicos de subvencionalidade.
- l. Realizar o seguimento para asegurar o cumprimento por parte dos/das promotores/as, de todos os requisitos legais necesarios para formalizar os contratos cos grupos de desenvolvemento rural.
- m. Recibir todas as consultas de tipo xurídico, técnico, económico, de funcionamento que formulen os grupos de desenvolvemento rural e



deseñar un protocolo de formulación e resolución das consultas.

- n. Deseñar as accións formativas para mellorar a eficacia, xestión e coñecementos do persoal e integrantes dos grupos de desenvolvemento rural.
- o. Recibir e canalizar as suxestións e achegas dos grupos de desenvolvemento rural para formular dos distintos plans, estratexias e accións que pode formular a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural ou calquera outro organismo da Xunta de Galicia en materia de desenvolvemento rural, así como fomentar ditas suxestións e achegas.

Cuarta. Requisitos dos/das aspirantes.

- 1. Para seren admitidas, as persoas aspirantes deberán posuír no día de finalización de presentación de solicitudes de participación e manter os seguintes requisitos:
 - a) Ter nacionalidade española, ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou ser nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de idade dependentes. Así mesmo, poderán participar os estranxeiros con residencia legal en España.



- b) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas incompatibles co desempeño das correspondentes funcións.
- c) Ter feitos os dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado/a do servizo de calquera Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin estar inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- e) Non encontrarse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvía, en caso de persoal laboral, en que fose separado/a ou inhabilitado/a.
- f) Estar en posesión ou en condición de obter a titulación de Dereito ou Ciencias Económicas e Empresariais ou titulacións equivalentes. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación ou validación, de ser o caso.
- g) Coñecemento lingüístico: acreditarase o coñecemento do idioma galego presentando o título do Celga 4, título de perfeccionamento do idioma galego ou estudos equivalentes, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de



coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

Os candidatos que non cumpran o requisito lingüístico, deberán superar unha proba de dominio do idioma galego. Esta proba consistirá nunha tradución galego-castelán e outra castelán-galego. A súa valoración será apto ou non apto. A valoración de non apto suporá a exclusión do proceso selectivo.

O lugar, a data e a hora anunciaranse na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Para a realización da dita proba o tribunal poderá requirir o asesoramento de persoal cualificado na materia.

2. Estes requisitos deberán cumprirse á data de publicación do anuncio no Diario oficial de Galicia (DOG) desta convocatoria e manterse ata o momento da toma de posesión ou formalización do contrato.

Quinta. Solicitudes, lugar e prazo de presentación.

1. As solicitudes para participar na presente convocatoria presentaranse no Rexistro da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (lugar da Barcia, nº 56, Laraño, 15897 Santiago de Compostela), ou nas oficinas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. As solicitudes tamén poderán presentarse por medios electrónicos a través do formulario normalizado PR004A, accesible na sede electrónica de la Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.
3. As solicitudes deberán dirixirse á Secretaría Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.



4. A solicitude deberá reunir todos os datos de identificación requiridos.
5. O domicilio que figure nas instancias considerarase como o único válido para os efectos das notificacións e serán responsabilidade do/a aspirante tanto os erros na súa consignación como a comunicación de calquera cambio.
6. O prazo para presentar as solicitudes será de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.
7. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras e, ao abeiro do establecido nos artigos 2 e 3 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, implicará a autorización á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para comprobar os datos de carácter persoal que figuren no documento DNI/NIE da persoa que teña a condición de interesada, por medio do acceso telemático ao servizo horizontal de acceso ao Sistema de verificación de datos de identidade e de residencia do Ministerio de Administracións Públicas. Non obstante, o/a solicitante poderá denegar expresamente o consentimento; daquela, deberá presentar, xunto coa solicitude, unha copia cotexada do documento de identidade en vigor.

Sexta: Documentación a presentar

Os aspirantes deberán presentar xunto coa solicitude de participación a seguinte documentación:

- a) Declaración responsable de que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos.
- b) Copia cotexada do título universitario esixido ou certificación académica que acredite ter realizados os estudos para obter o título ou, de ser o



caso, documento que acredite de xeito fidedigno a posesión do título académico.

- c) Copia cotexada do título acreditativo de superación do Celga 4, curso de perfeccionamento de galego ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo).
- d) Relación individualizada de cada un dos méritos que alegue e presentar a documentación acreditativa destes para a súa valoración, ben orixinal ou ben copia cotexada.
- e) Currículo do solicitante.
- f) O plan de actuación (recollido na base decimo primeira) en soporte papel e en formato electrónico (.pdf).

Sétima: Forma de acreditación e valoración dos méritos

1. A formación acreditarase mediante a presentación de orixinais ou copia cotexada dos títulos ou certificados que se aleguen.
2. A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación do informe de vida laboral ou certificado de pagamento de cotas ao réxime de autónomos se se alegan servizos profesionais por conta propia, contratos de traballo por conta allea ou propia, ou acta de toma de posesión de cargos públicos ou funcionario público ou certificado de servizos prestados, de ser o caso.
3. Os méritos alegados deberán referirse á data de publicación do anuncio no Diario oficial de Galicia (DOG) desta convocatoria e manter ata o momento da toma de posesión ou formalización do contrato.



4. Non se valorarán aqueles méritos que non estean acreditados conforme o disposto anteriormente, nin aqueles posteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Oitava. *Admisión de aspirantes.*

1. Tras a finalización do prazo de presentación das solicitudes de participación, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural ditará resolución na cal se aproben as listas provisionais de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión.
2. A lista publicarase na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural <http://agader.xunta.gal/> e as persoas interesadas disporán dun prazo de tres días hábiles, contados desde o seguinte ao da súa publicación na páxina web, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.
3. Unha vez resoltas as reclamacións, ditarase resolución na cal se aprobe a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas.
4. Esta resolución farase pública na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural: <http://agader.xunta.gal/>.
5. Todas as publicacións referidas a esta convocatoria faranse ademais no taboleiro de anuncios da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Novena. *Tribunal de selección.*

1. O Tribunal de selección será nomeado por resolución da persoa titular da Dirección Xeral da axencia e será constituído unha vez publicada na web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a relación definitiva de aspirantes. Serán de aplicación a este órgano as instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril de 2007, modificadas polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.



2. O tribunal terá a categoría primeira das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

3. Para os efectos do previsto no dito decreto, entenderase que a designación do tribunal implicará a autorización da orde de servizo para que os seus membros se poidan desprazar ao lugar acordado para cada unha das sesións convocadas dentro do número máximo autorizado.

4. A Dirección Xeral da Función Pública determinará o número máximo de sesións autorizado ao tribunal e poderá amplialo baseándose en causas xustificadas.

Decimo primeira. *Procedemento selectivo.*

Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos, a selección efectuarase polo procedemento de concurso, que consistirá na valoración dos méritos alegados e acreditados polos/as aspirantes, que se puntuarán de acordo co baremo sinalado a continuación, cuxa puntuación máxima é de 60 puntos.

O procedemento selectivo constará de dúas fases:

A primeira fase, eliminatoria, consistirá na baremación dos méritos alegados e na valoración do plan de actuación da Subdirección de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural.

A segunda fase consistirá na defensa do plan de actuación.

A. Primeira fase (ata un máximo de 55 puntos)

A puntuación máxima é, nesta primeira fase, de 55 puntos e será necesaria a obtención dun mínimo de 22 puntos para superala. Os/as aspirantes que non acaden a puntuación anterior quedarán eliminados do proceso selectivo.



A.1. Baremación de méritos alegados (ata un máximo de 30 puntos):

A valoración dos méritos desenvolverase conforme a seguinte distribución.

A.1.1. Experiencia (puntuación máxima de 20 puntos).

- Por experiencia laboral como coordinador/a ou director/a de equipos de traballo, docencia, xestión económica ou xustificación de fondos públicos. 2 puntos por cada ano acreditado
- Por outra experiencia laboral. 1 punto por cada ano acreditado.

As fraccións iguais ou superiores a 6 meses computaranse como un ano completo, ata un máximo de 20 puntos.

A1.2 Formación (puntuación máxima de 10 puntos).

- Formación complementaria (puntuación máxima 6):
 - o Título de master dun mínimo de 300 horas: 3 puntos por cada título
 - o Outros cursos: dun mínimo de 200 horas (2 puntos por cada título).
- Outros (máximo 4 puntos)
 - o Publicacións relacionadas co desenvolvemento rural: 2 puntos por cada unha.
 - o Publicacións relacionadas con outros ámbitos: 1 punto por cada unha.

A.2. Plan de actuación (puntuación máxima de 25 puntos).



As persoas aspirantes deberán presentar un plan de actuación, que se desenvolverá a medio prazo na Subdirección de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural.

O plan non poderá superar os 30 folios de extensión, a dobre espazo por unha soa cara, letra Arial, tamaño 11, incluídos gráficos.

O plan valorarase conforme os seguintes criterios:

1. Pertinencia, entendida como a adecuación dos obxectivos do plan proposto á estratexia e prioridades da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Así como a súa aliñación con outras estratexias de ámbito rexional , nacional e europeo.
2. Adecuación do plan ao marco administrativo no que se vai desenvolver, tendo en consideración as funcións da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como instrumento básico de fomento e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego.
3. Viabilidade, entendida como unha adecuada identificación e tratamento das condicións económicas, materiais, técnicas e humanas necesarias para afrontar as tarefas e conseguir os obxectivos que se propoñen no plan proposto.
4. Eficacia, entendida como grao previsible de consecución dos obxectivos e resultados propios do plan proposto.
5. Eficiencia, entendida como relación existente entre os obxectivos e os recursos que se consideran para acadalos.
6. Sustentabilidade, grao en que os efectos transformadores derivados da posta en marcha do plan proposto poderán ser sustentados no tempo.



7. Impacto, valoración e toma en consideración dos efectos directos e indirectos, derivados da posta en marcha do plan proposto.
8. Coherencia e grao de consistencia entre os diversos compoñentes do plan proposto en relación cos fins que se propoñen.

A relación provisional coas puntuacións obtidas polos/as aspirantes publicárase na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e as persoas interesadas disporán dun prazo de tres días hábiles, contados desde o seguinte ao da súa publicación na páxina web, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Unha vez resoltas as reclamacións, ditarase resolución pola que se aproba a lista coas puntuacións definitivas da primeira fase. Esta resolución farase pública na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Os/as candidatos/as que superen a primeira fase do procedemento selectivo serán convocados, nun prazo máximo de tres días hábiles desde a publicación da lista coas puntuacións definitivas da primeira fase, para a defensa do plan de actuación.

O tribunal de selección disporá da facultade de non convocar á defensa do plan de actuación -segunda fase- a aquelas persoas candidatas que, aínda superando os 28 puntos esixidos na primeira fase, dispoñan dunha puntuación cuxo valor numérico imposibilite matematicamente seren seleccionados/as en relación co resto de candidatos/as.

B.Segunda Fase: Exposición do plan de actuación (ata un máximo de 5 puntos)

A puntuación máxima é, nesta segunda fase, de 5 puntos. Non eliminatoria.



A data e o lugar establecidos para a defensa do plan de actuación serán publicados no taboleiro de anuncios e na web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural cunha antelación mínima de corenta e oito horas á sinalada para o seu inicio. Logo de petición do candidato, poderán facilitarse os medios técnicos ou informáticos habituais para proxección ou exposición da presentación.

Os/as candidatos/as deberán presentarse á proba provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Deberán presentar nun tempo máximo de 20 minutos o seu plan e responder todas aquelas preguntas e cuestións que permitan valorar a idoneidade da proposta, sen que o tempo de resposta compute para os efectos da duración prevista neste punto.

A relación provisional coas puntuacións obtidas polos/as aspirantes publicárase na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e as persoas interesadas disporán dun prazo de tres días hábiles, contados desde o seguinte ao da súa publicación na páxina web, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Unha vez resoltas as reclamacións, ditarase resolución mediante a cal se aproba a lista coas puntuacións definitivas da segunda fase. Esta resolución farase pública na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Décimo segunda. *Cualificación e lista de persoas seleccionadas.*

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas en cada unha das fases.

En caso de empate na puntuación total, dirimirase a favor da persoa que obteña maior puntuación na fase segunda do procedemento selectivo. De persistir o empate, resolverase por sorteo.



Unha vez finalizado o proceso de selección, o tribunal publicará na páxina web e no taboleiro de anuncios da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural as puntuacións obtidas polos/as aspirantes con indicación do/da candidato/a seleccionado/a. Establécese un prazo de tres días desde a publicación para presentar alegacións. A estimación ou desestimación entenderase implícita na resolución definitiva.

O tribunal elevará á persoa titular da Presidencia da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a proposta a favor do/da aspirante que obtivese a maior puntuación.

De non se presentaren solicitudes, de non cumprir ningunha das rexistradas os requisitos esixidos ou de ser considerado que ningún dos/das candidatos/as resulta idóneo para o posto, a convocatoria será declarada deserta mediante resolución da persoa titular da Presidencia da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que se publicará no Diario Oficial de Galicia.

O vínculo formalizarase mediante contrato laboral de alta dirección ao abeiro do previsto no Real decreto 1382/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección; no artigo 17 do Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O/a aspirante seleccionado/a estará suxeito/a ao réxime de incompatibilidades recollido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

A resolución desta convocatoria farase pública no Diario Oficial de Galicia e poderán declararse desertos os postos de traballo de considerarse oportuno.

ANEXO III

Modelo de solicitude

DATOS PERSOAIS

Primer Apellido	Segundo Apellido	Nome
DNI	Data nacemento	
Domicilio	Provincia	Localidade
Teléfono	Enderezo electrónico	
EN CASO DE PRESTAR SERVIZOS NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA		
Vínculo xurídico	Categoría profesional	
Situación administrativa		
Destino actual	Dependencia	localidade

SOLICITO: ser admitido/a na convocatoria para proveer o posto de persoal directivo denominado Subdirector de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural, con código AGDR 03 00 00, anunciada por la Resolución de 24 de setembro de 2024, ó considerar que reúno os requisitos esixidos.